

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APERTURA PRAZO PRÓRROGA DA BOLSA DE EMPREGO PARA CONTRATACIÓNS TEMPORAIS DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR

EXPEDIENTE: 20/2020

ANTECEDENTES:

1º.- No BOP. nº 65 do 05/04/2017 saíu publicada a modificación da base 12 das reguladoras da bolsa de traballo para contratación laboral temporal ou nomeamentos interinos de persoal para o servizo de axuda no fogar no Concello de Moeche, publicadas orixinalmente no BOP. nº 125 do 04/07/2016.

2º.- Na citaba base duodécima, onde se explica o proceso de prórroga da bolsa de emprego, di que cada ano se abrirá un prazo que contará dende o 1 ó 28 de febreiro. Durante este prazo as persoas que xa figuran inscritas na bolsa, poderán presentar novos méritos e aqueles interesados que non figuren, poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa.

3º.- Tendo constancia dun erro material en relación ó prazo de apertura da bolsa recollido o día 29/01/2024 con Resolución de Alcaldía 20/2024

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1º.- Abrir o prazo dende o 01/02/2024 ó 28/02/2024 para que as persoas que xa figuren inscritas na bolsa, presenten novos méritos, e así mesmo aqueles interesados que non figuren na mesma, podan presentar a solicitude de inclusión na bolsa dacordo co establecido na cláusula sexta das bases. En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o primeiro día da apertura do período de actualización.

2º.- A nova lista exporase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

En Moeche, á data da sinatura dixital

A alcaldesa

Beatriz Bascoy Maceiras

